

GUIÓN DE LECTURA E DE REDACCIÓN DA RECENSIÓN-COMENTARIO CRÍTICO

NUEVAS FORMAS DE DESIGUALDAD EN UN MUNDO GLOBALIZADO. EL ALQUILER DE ÚTEROS COMO EXTRACTIVISMO

Alicia H. Puleo

CUESTIONARIO DE LECTURA

1. ¿Cal é o asunto do que trata o artigo?, ¿que práctica social do capitalismo da era da mundialización analiza a filósofa?, ¿con que termos se refire a este fenómeno social?, ¿por que emprega a palabra *extractivismo*?
2. Analizando esta realidade social do capitalismo globalizado en termos de alienación: ¿quen sofre ou padece a alienación?, ¿que se aliena como *actividade*?, ¿e que como *produto*?, con outras palabras: ¿que aparece como estrano ou alleo?, ¿ante quen?
3. Continuando co vocabulario marxista da alienación: ¿en que sentido cabe falar de desposesión ou expropiación de algo propio na práctica social do aluguer de úteros?, ¿quen se ve desposuído ou expropiado?, ¿de que?, ¿como se lexitima esta expropiación?
4. Seguimos pensando con Marx e cos conceptos de reificación ou cosificación: ¿que e quen se cosifica, pasa a ser unha cousa, no aluguer de úteros?
5. Emprega os termos *mercancía* e *mercantilización* para dar conta deste fenómeno social global obxecto da investigación por parte de Alicia H. Puleo: ¿que se converte en mercancía?, ¿que se mercantiliza?
6. ¿Como xustifica ou lexitima a ideoloxía burguesa neoliberal a apropiación que se explica neste paper?, ¿cal é a terminoloxía propia da lóxica do mercado capitalista que é utilizada para defender esta práctica social?
7. Valoración crítica persoal sobre a “xestación por substitución”.